CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.
CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.</p> <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e</p> <p>Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> <p>Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.</p> <p>Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.</p> <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.</p> <p>Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.</p> <p>Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos en lingua estándar, e analiza o contido global da mensaxe en relación cos recursos lingüísticos correspondentes.

- ¿ Situouse a mensaxe no seu contexto.
- ¿ Identificouse a idea principal da mensaxe.
- ¿ Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio oral.
- ¿ Extraeuse información específica en mensaxes relacionadas con aspectos cotiáns da vida profesional e cotiá.
- ¿ Estableceuse a secuencia dos elementos constituíntes da mensaxe.
- ¿ Identifícanse as ideas principais dun discurso sobre un tema coñecido, transmitido por un medio de comunicación, emitido en lingua estándar e articulado con claridade.
- ¿ Recoñécéronse as instrucións orais e seguíronse as indicacións.
- ¿ Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seus elementos.

2. Interpreta información profesional contida en textos escritos sinxelos, ao analizar comprensivamente os seus contidos.

- o Seleccionáronse os materiais de consulta e os dicionarios técnicos.
- o Léronse comprensivamente textos claros en lingua estándar.
- o Interpretouse o contido global da mensaxe.
- o Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.
- o Identificouse a terminoloxía utilizada.
- o Realizáronse traducións de textos en lingua estándar utilizando material de apoio, en caso necesario.
- o Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos: correo electrónico, fax, etc.

3. Emite mensaxes orais claras e estruturadas, e participa como axente activo en conversas profesionais.

- o Identifícanse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.
- o Comunicouse utilizando fórmulas, nexos e estratexias de interacción.
- o Utilizáronse normas de protocolo en presentacións.
- o Describíronse feitos breves e imprevistos relacionados coa profesión.
- o Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.
- o Expresáronse sentimentos, ideas ou opinións.
- o Enumeráronse as actividades da tarefa profesional.
- o Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da competencia propia.
- o Xustificouse a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas.
- o Argumentouse a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo.
- o Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del cando se considerou necesario.

4. Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.

- o Redactáronse textos breves relacionados con aspectos cotiáns e profesionais.
- o Organizouse a información coherentemente e con cohesión.
- o Realizáronse resumos de textos relacionados co propio contorno profesional.
- o Formalizouse documentación específica do campo profesional propio.
- o Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.

- o Resumíronse as ideas principais de informacións dadas, utilizando os seus propios recursos lingüísticos.
- o Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.

5. Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira.

- ¿ Definíronse os trazos máis salientables dos costumes da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.
- ¿ Descríronse e aplicáronse as normas e os protocolos de relación social propios do país.
- ¿ Identificáronse as crenzas e os valores propios da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.
- ¿ Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector, en calquera tipo de texto.

Metodoloxía de cualificación

Instrumento	Procedemento	Ponderación
-------------	--------------	-------------

a) Probas escritas (50%)

Use of English: gramática, vocabulario e funcións. 1 exame alomenos por trimestre. Incluirá exercicios sobre as estruturas, vocabulario e funcións lingüísticas.

Reading 1 exame alomenos por trimestre: Esta proba inclúe un texto do que o alumno terá que extraer información.

Writings/proxectos: Traballos individuais que versarán sobre os tópicos tratados na clase e similares Rúbrica de expresión escrita:

Valorarase o uso de estruturas, funcións e léxico axeitado, así como elementos de cohesión e coherencia. Valorarase a creatividade.

c) Probas orais (50%)

Producción oral: Diálogos en parellas, exposicións ou explicacións breves, role-plays, participación nos debates, presentacións de temas con apoio visual.

Rúbrica de expresión oral: Valorarase a pronunciación, a fluidez, o emprego de estruturas e léxico adecuado, así como o uso de estratexias para entender ou facerse comprender.

Listening: Pode incluír exercicios de verdadeiro/falso, preguntas sobre información xeral, preguntas para extraer información. Realizarase alomenos un exame por trimestre.

A nota final resulta da media das probas, traballos realizados en cada destreza (listening/speaking/reading/writing) Cada destreza recibe unha cualificación que fará media co resto das destrezas. O alumnado debe acadar un 4 mínimo en cada destreza para poder facer media. Deste xeito se pode compensar unha mala resposta puntual a unha proba.

Aínda que ao longo do curso se tratan estruturas xa adquiridas noutras etapas educativas, dase por suposto, considerando a natureza continua da aprendizaxe dunha lingua, que o alumnado que accede a un Ciclo Superior de Formación profesional por calquera das vías establecidas pola normativa vixente, ten adquiridos os coñecementos mínimos establecidos no currículo do Bacharelato, especialmente no que se refire ao uso das estruturas gramaticais e vocabulario desa etapa.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A avaliación do proceso de aprendizaxe será acumulativa, e polo tanto a superación dunha avaliación implicará a recuperación da anterior. Para isto, en cada avaliación, as probas escritas recollerán contidos da avaliación anterior, de xeito que se poida valorar a progresión do alumnado na materia. Se realizarán repasos e revisións na aula e se traballará con actividades adaptadas ás necesidades que os alumnos presenten ao longo do proceso ensino-aprendizaxe.

Aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria serán obxecto dun programa de recuperación que se centrará na

realización de actividades deseñadas pola profesora que agrupen todos os contidos mínimos. Este proceso se desenvolverá de forma individualizada. O alumnado que non superase o módulo na avaliación final ordinaria, deberá realizar unha proba escrita e unha proba oral no 2º trimestre antes da avaliación previa á FCT.

A proba escrita suporá un 50% da nota final, e a proba oral un 50%: A proba oral constará dun exercicio de escoita e un speaking, que se acordará c@ alumn@

A proba escrita constará de varias actividades de tradución sobre os temas tratados durante o curso (formalización de documentos, traducción e redacción)e emprego de formulas na atención ao cliente, además de exercicios nos que @ alumn@ demostre o coñecemento do vocabulario específico)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua realizará probas escritas e orais de recuperación nas que demostre que acadou as competencias marcadas no documento que se lle entregará de xeito individual.

Proba escrita 50%

Proba oral 50%

A proba oral constará dun exercicio de escoita e un speaking, que se acordará c@ alumn@

A proba escrita constará de varias actividades de tradución sobre os temas tratados durante o curso (formalización de documentos, traducción e redacción)e emprego de formulas na atención ao cliente, además de exercicios nos que @ alumn@ demostre o coñecemento do vocabulario específico)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A partires da avaliación, a profesora revisará o grao de consecución das competencias básicas para facer os axustes necesarios.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

-O logro dos obxectivos programados

-Os resultados académicos acadados

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha proba escrita de nivel (placement test). Esta proba consiste nun exame tipo test sobre puntos gramaticais e de vocabulario, unha proba de comprensión lectora e unha serie de actividades orais que permitirán analizar a competencia linguística da que parte o alumnado.

En ningún caso terá valor cara a calificación final do alumno, só se lle asigna un valor de recollida de información.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O alumnado que o precise poderá dispor de material extraordinario de reforzo por nivéis de aprendizaxe que responda aos seus distintos ritmos. A

aula virtual do curso permite distintos ritmos de aprendizaxe individual.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A importancia do traballo en equipo: o respecto aos outros, á diversidade, a propia cultura e as outras culturas, o interese polo traballo ben feito, a colaboración, a motivación, o reparto equitativo de tarefas, en resúmen, se traballa ao longo de todo o curso a competencia persoal e a ética profesional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Colaboración cos departamentos específicos do ciclo nas actividades propostas, para desenvolver a competencia en lingua estranxeira.
Posibilidade de charlas específicas en inglés da man de antigos alumn@s ou profesionais do sector.
Posibilidade de programar visitas a hoteis e/ou restaurantes para analizar os procesos en lingua inglesa. Colaboración cos departamentos específicos do ciclo nas actividades propostas (elaboración de receitas tradicionais, presentación de produtos ou menús, charlas, exposicións)

10. Outros apartados

10.1) Auxiliar de conversa

Este curso temos asignada unha auxiliar de conversa de nacionalidade americana, que traballará na aula coa profesora durante dúas sesións semanais.
Deseñaremos actividades para desenvolver a competencia oral do alumnado, tanto a comprensión como a expresión, que esperten a curiosidade e o interese por outras culturas, non só o aspecto culinario das mesmas.
Incluiremos temas transversales para debate na aula, co obxecto de comparar diferentes aspectos culturais e como inflúen na nosa visión do mundo.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT04	Dirección de cociña	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0496	Control do aprovisionamento de materias primas	2023/2024	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	AGUSTÍN CARRO LOUREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Control de Aprovisionamento de materias primas , pertencente ao Ciclo Formativo de Dirección de Cociña, DECRETO 83/2011, de 20 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en dirección de cociña. Asociado á Unidade de Competencia UC1064_3: Xestionar procesos de aprovisionamento en restauración. Tomado como referencia o necesario para adecuar a docencia ás características do alumnado e do contorno sociocultural do centro.

Esta profesión desenvólvese en sectores e subsectores produtivos e de prestación de servizo onde se desenvolvan procesos de preelaboración, elaboración e, de ser o caso, servizo de alimentos e bebidas, como é o sector de hostalaría. Tamén en establecementos dedicados á preelaboración e á comercialización de alimentos crus, tendas especializadas en comidas preparadas, empresas dedicadas á almacenaxe, ao envasado e á distribución de produtos alimentarios, etc.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Director/ora de alimentos e bebidas.
- Director/ora de cociña.
- Xefe/a de produción en cociña.
- Xefe/a de cocina.
- Segundo/a xefe/a de cociña.
- Xefe/a de operacións de catering.
- Xefe/a de partida.
- Cociñeiro/a.
- Encargado/a de economato e bodega.

Partindo da situación xeográfica na que está establecido o CIFP Fraga do eume, que abrangue varios concellos con maior ou menor número de habitantes, dende a fronteira coa mariña lucense ata a costa Ártabra (con Mañón, pasando por Ortigueira, Cariño, Cedeira, Cerdido. As Somozas, Moeche, San Sadurniño, Neda, Fene, Narón, Ferrol, As Pontes, Monfero, Miño e incluso ata Betanzos) o aumento na comarca de actividade turística, como pode ser a apertura dunha nova ruta do camiño de Santiago (o camiño do mar), o aumento de negocios de hostalería cunha oferta cada vez máis profesionalizada, diversificada e de calidade, factores que van cumprindo coa demanda de propios e foráneos. A crecente recuperación da crise que estamos de pasar por esta pandemia de covid-19 e o éxito que está acadar o camiño do inglés, máis, neste Ano Xacobeo tan particular. O patrimonio histórico, artístico, cultural, tradicional e de natureza, con espazos protexidos, e con futuros proxectos como o xeparque do Ortegal. A demanda de profesionais para o sector está asegurada, polo que a nosa tarefa é formar, transmitir, asesorar e ensinar a realidade do presente e o futuro da hostalería para a nosa comarca e de cara ao exterior.

Tendo en conta que o sector turístico galego é o que máis contribúe ao PIB da nosa Comunidade, así como a creación de emprego, é evidente, a necesidade de seguir formando profesionais de calidade que ocupen os postos que seguirá a demandar o mercado. Tamén compre ter en conta o significativo cambio nos hábitos e estilos de vida da poboación, nestes dous últimos anos marcados polas restricións e normas derivadas da pandemia covid-19 así como a ruptura de transmisión de coñecementos no eido da cociña, sen descuidar as actuais tendencias do mercado, nas que se estanca o crecemento de restaurantes tradicionais, de vangarda e "de autor" revertindo nunha grande expansión de empresas de restauración colectiva modernas ou "neorestauración" que abranguen unha ampla gama de conceptos, nas que demandan profesionais que saiban adecuarse ás novas estruturas organizativas e produtivas de dirección, comercialización, organización e produción de servizo. Tendo en conta o avance tecnolóxico que favoreceu: nova maquinaria, ferramentas e produtos, ós cales adaptarse, e que serán de grande axuda (programas informáticos, de xestión...) no desenrolo do traballo e consecución de obxetivos. As ensinanzas deste ciclo, e especificamente deste módulo, centraránse na xestión, coñecemento, identificación e aprovisionamento de materias primas na restauración.

Por último, as demandas da poboación en relación a elaboracións dietéticas ou para persoas con necesidades específicas, así como o aumento

de poboación procedente de diversas culturas, tamén son tidas en conta de xeito que o alumnado deberá sensibilizarse ao respecto e coñecer estas materias primas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	IDENTIFICACIÓN E ANÁLISE DOS ALIMENTOS. PRODUCTOS DE CALIDADE DIFERENCIADA.	Descrición e clasificación dos alimentos que se utilizan en restauración. Análise e identificación das DOP, IGP e ETG.	19	30
2	PLANIFICACIÓN E CONTROL DOS PROCESOS DE APROVISIONAMENTO	Para qué e por qué do aprovisionamento, determinación das súas necesidades evitando o consumo innecesario de recursos.	8	15
3	RECEPCIÓN DE MATERIAS PRIMAS	Operacións e observacións necesarias para o recepciónado das materias primas, documentos asociados a estas operacións.	8	15
4	XESTIÓN E CONTROL DO ALMACÉN, ECONOMATO E BODEGA	Operacións relativas ó almacenamento e saída de xéneros, prioridades de consumo, características especiais de almacenaxe.	10	20
5	CONTROL DE CONSUMOS E EXISTÊNCIAS. O INVENTARIO	Control de consumos e optimización dos recursos, aplicación das TIC.	8	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	IDENTIFICACIÓN E ANÁLISE DOS ALIMENTOS. PRODUCTOS DE CALIDADE DIFERENCIADA.	19

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona subministracións e materias primas, e identifica as súas calidades organolépticas e as súas aplicacións.	NO
RA2 - Cata alimentos para a súa selección e o seu uso en hostalaría.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense e clasificáronse as materias primas en restauración.
CA1.2 Analizouse a organización das materias primas tendo como referencia o código alimentario.
CA1.3 Recoñecéronse as materias primas en restauración, as súas características e as súas calidades organolépticas.
CA1.4 Relacionáronse as calidades organolépticas dos alimentos e das bebidas coas súas principais aplicacións gastronómicas.
CA1.5 Recoñecéronse as categorías e as presentacións comerciais dos alimentos e das bebidas.
CA1.6 Recoñecéronse e caracterizáronse os selos europeos e os españois de calidade alimentaria.
CA1.7 Identifícanse e caracterizáronse os produtos acolidos aos selos españois de calidade alimentaria.
CA2.1 Seleccionáronse e preparáronse alimentos para a súa cata co fin de valorar a súa posible adquisición e o seu uso en elaboracións culinarias novas ou xa ofrecidas.
CA2.2 Seleccionáronse os atributos que se vaian medir e decidiuse o tipo de escala que se vaia aplicar para cada proba sensorial, en función dos atributos que cumpra medir e dos obxectivos propostos.
CA2.3 Realizáronse catas de alimentos mediante o recoñecemento e a cuantificación dos seus atributos sensoriais.
CA2.4 Comprobase que o alimento cumpra as características do patrón establecido atendendo á súa clasificación comercial ou denominación de orixe, entre outras.
CA2.5 Identifícanse, describíronse e cuantifícanse os atributos sensoriais que caracterizan a calidade dun produto, utilizando un vocabulario específico.
CA2.6 Valorouse o comportamento e a evolución dun produto xa catado, e a súa inalterabilidade durante o almacenamento.

4.1.e) Contidos

Contidos
Materias primas en restauración: descrición, clasificación, propiedades organolépticas e aplicacións.
Referentes do código alimentario.
Categorías comerciais e etiquetaxe de alimentos e bebidas. Presentacións comerciais.
Produtos con selo de calidade e denominacións de orixe.

Contidos

Análise sensorial dos alimentos en hostalaría: influencia das preferencias.

Terminoloxía básica da análise sensorial de alimentos.

Atributos dos alimentos.

Metodoloxía e fases de cata dos alimentos.

Elementos e utensilios necesarios para a cata de alimentos.

Uso de escalas gráficas. Principais descritores segundo tipoloxía de alimentos: visuais, aromáticos, gustativos e de textura.

Produtos cárnicos, peixes e mariscos, produtos lácteos, condimentos e outros produtos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	PLANIFICACIÓN E CONTROL DOS PROCESOS DE APROVISIONAMENTO	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recibe materias primas e outros materiais, e verifica o cumprimento dos protocolos de calidade e seguridade alimentaria.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense e caracterízanse as operacións necesarias para recibir materias primas e outros materiais en cociña.
CA3.2 Identifícanse os equipamentos e os instrumentos para o control cuantitativo, cualitativo e hixiénico-sanitario.
CA3.3 Aplicáronse sistemas de control do aprovisionamento de forma que se satisfagan as exixencias da produción e os obxectivos económicos do establecemento.
CA3.4 Interpretouse a etiquetaxe dos produtos.
CA3.5 Comprobouse a coincidencia da cantidade e a calidade do solicitado coas do recibido.
CA3.6 Verificouse o cumprimento polo provedor da normativa referente á embalaxe, o transporte, a cantidade, a calidade, a caducidade, a temperatura, a manipulación, etc.
CA3.7 Verificáronse o cumprimento da petición de compra e os requisitos establecidos para as materias primas solicitadas.
CA3.8 Recoñecéronse e formalizáronse os documentos relacionados cos procesos de recepción.
CA3.9 Evitouse o consumo innecesario de recursos e controlouse a recollida de residuos.
CA3.10 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.2.e) Contidos

Contidos
Caracterización, concreción de procesos, fases e métodos para identificar necesidades de aprovisionamento e fontes de subministración.
Solicitudes de compra.
Xeitos de expedición, canles de distribución e medios de transporte habituais de materias primas.
Fases e procedementos para recibir materias primas: organización e control.
Documentos relacionados coas operacións de recepción, economato e adega: funcións, formalización e tramitación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	RECEPCIÓN DE MATERIAS PRIMAS	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona subministracións e materias primas, e identifica as súas calidades organolépticas e as súas aplicacións.	NO
RA3 - Recibe materias primas e outros materiais, e verifica o cumprimento dos protocolos de calidade e seguridade alimentaria.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Establecéronse cos colaboradores os estándares de especificación de compras de cada artigo que cumpra adquirir.
CA1.9 Establecéronse os estándares de subministracións coa clientela, en ofertas de catering, de acordo co método previamente establecido.
CA3.1 Descríbense e caracterízanse as operacións necesarias para recibir materias primas e outros materiais en cociña.
CA3.2 Identifícanse os equipamentos e os instrumentos para o control cuantitativo, cualitativo e hixiénico-sanitario.
CA3.3 Aplícanse sistemas de control do aprovisionamento de forma que se satisfagan as exixencias da produción e os obxectivos económicos do establecemento.
CA3.4 Interpretouse a etiquetaxe dos produtos.
CA3.5 Comprobouse a coincidencia da cantidade e a calidade do solicitado coas do recibido.
CA3.6 Verificouse o cumprimento polo provedor da normativa referente á embalaxe, o transporte, a cantidade, a calidade, a caducidade, a temperatura, a manipulación, etc.
CA3.7 Verificáronse o cumprimento da petición de compra e os requisitos establecidos para as materias primas solicitadas.
CA3.8 Recoñecéronse e formalizáronse os documentos relacionados cos procesos de recepción.
CA3.9 Evitouse o consumo innecesario de recursos e controlouse a recollida de residuos.
CA3.10 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

4.3.e) Contidos

Contidos
Material funxible e inventariable para catering.
Caracterización, concreción de procesos, fases e métodos para identificar necesidades de aprovisionamento e fontes de subministración.
Solicitudes de compra.
Xeitos de expedición, canles de distribución e medios de transporte habituais de materias primas.
Fases e procedementos para recibir materias primas: organización e control.
Documentos relacionados coas operacións de recepción, economato e adega: funcións, formalización e tramitación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	XESTIÓN E CONTROL DO ALMACÉN, ECONOMATO E BODEGA	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Almacena materias primas e outras subministracións en restauración, e identifica as necesidades de conservación e de colocación.	SI
RA5 - Controla consumos e existencias, e rexistra os movementos de entradas e saídas de xéneros.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense e caracterízanse os lugares para o almacenamento e a conservación das materias primas e outras subministracións.
CA4.2 Determináronse os métodos de conservación idóneos para as materias primas.
CA4.3 Determináronse as temperaturas e os envases adecuados para a conservación dos xéneros ata o momento do seu uso.
CA4.4 Colocáronse as materias primas en función da prioridade no seu consumo.
CA4.5 Mantívose o almacén, o economato e/ou a adega en condicións de orde e limpeza.
CA4.6 Evitouse o consumo innecesario de recursos e controlado a recollida de residuos.
CA4.7 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
CA5.1 Descríbiuse o concepto de control de existencias en restauración.
CA5.2 Caracterizáronse os procedementos de solicitude de pedidos a almacén, o seu control, a documentación asociada e as relacións interdepartamentais entre os departamentos involucrados.
CA5.3 Identifícanse os xéneros susceptibles de seren entregados directamente nos departamentos de venda e/ou produción por parte do proveedor.
CA5.4 Realizáronse diversos tipos de inventarios, e describiuse a súa función e a importancia no control de consumos e existencias.
CA5.5 Efectuáronse rotacións de xéneros no almacén en función de diversas circunstancias.
CA5.6 Calculouse o consumo de existencias tendo en conta diversos parámetros de valoración.
CA5.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para o control de consumos e existencias no economato.

4.4.e) Contidos

Contidos
Descrición e características dos lugares para o almacenamento: almacén, economato e adega.
Condicións hixiénico-sanitarias nos espazos para o almacenamento.
Clasificación das mercadorías en función da súa conservación, o seu almacenamento e o seu consumo.
Caracterización dos procesos de almacenamento.

Contidos

Deseño de rutas de distribución interna.

Prácticas de protección ambiental nos procesos de aprovisionamento.

Control de existencias en restauración: concepto.

Solicitud de pedidos e retirada de xéneros de almacén: documentación, relacións interdepartamentais, control e entrega directa.

Inventario e valoración de existencias. Inventario físico e permanente: concepto, procedemento de execución e documentos asociados.

Cálculo de consumos, minguas, perdas e roturas. Consumo teórico e consumo real.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	CONTROL DE CONSUMOS E EXISTENCIAS. O INVENTARIO	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Controla consumos e existencias, e rexistra os movementos de entradas e saídas de xéneros.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.2 Caracterizáronse os procedementos de solicitude de pedidos a almacén, o seu control, a documentación asociada e as relacións interdepartamentais entre os departamentos involucrados.
CA5.3 Identificáronse os xéneros susceptibles de seren entregados directamente nos departamentos de venda e/ou produción por parte do provedor.
CA5.4 Realizáronse diversos tipos de inventarios, e describiuse a súa función e a importancia no control de consumos e existencias.
CA5.5 Efectuáronse rotacións de xéneros no almacén en función de diversas circunstancias.
CA5.6 Calculouse o consumo de existencias tendo en conta diversos parámetros de valoración.
CA5.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para o control de consumos e existencias no economato.

4.5.e) Contidos

Contidos
Solicitude de pedidos e retirada de xéneros de almacén: documentación, relacións interdepartamentais, control e entrega directa.
Inventario e valoración de existencias. Inventario físico e permanente: concepto, procedemento de execución e documentos asociados.
Cálculo de consumos, minguas, perdas e roturas. Consumo teórico e consumo real.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos para acadar a avaliación positiva neste módulo axústanse aos criterios de avaliación mínimos indicados en cada UD, debendo superar as probas recollidas nos instrumentos de avaliación correspondentes, indicados nos apartados 4.c e 4.d desta programación.

UD 1 IDENTIFICACIÓN E ANÁLISE DOS ALIMENTOS. PRODUCTOS DE CALIDADE DIFERENCIADA.

CA1.1 - Describíronse e clasificáronse as materias primas en restauración.

CA1.2 - Analizouse a organización das materias primas tendo como referencia o código alimentario.

CA1.3 - Recoñecéronse as materias primas en restauración, as súas características e as súas calidades organolépticas.

CA1.4 - Relacionáronse as calidades organolépticas dos alimentos e das bebidas coas súas principais aplicacións gastronómicas.

CA1.6 - Recoñecéronse e caracterizáronse os selos europeos e os españois de calidade alimentaria.

CA1.7 - Identificáronse e caracterizáronse os produtos acollidos aos selos españois de calidade alimentaria.

CA2.1 - Seleccionáronse e preparáronse alimentos para a súa cata co fin de valorar a súa posible adquisición e o seu uso en elaboracións culinarias novas ou xa ofrecidas.

CA2.4 - Comprobase que o alimento cumpra as características do patrón establecido atendendo á súa clasificación comercial ou denominación de orixe, entre outras.

CA2.5 - Identificáronse, describíronse e cuantificáronse os atributos sensoriais que caracterizan a calidade dun produto, utilizando un vocabulario específico.

CA2.6 - Valorouse o comportamento e a evolución dun produto xa catado, e a súa inalterabilidade durante o almacenamento.

UD 2 PLANIFICACIÓN E CONTROL DOS PROCESOS DE APROVISIONAMENTO

CA3.1 - Describíronse e caracterizáronse as operacións necesarias para recibir materias primas e outros materiais en cociña.

CA3.2 - Identificáronse os equipamentos e os instrumentos para o control cuantitativo, cualitativo e hixiénico-sanitario.

CA3.3 - Aplícanse sistemas de control do aprovisionamento de forma que se satisfagan as exigencias da produción e os obxectivos económicos do establecemento.

CA3.4 - Interpretouse a etiquetaxe dos produtos.

CA3.5 - Comprobase a coincidencia da cantidade e a calidade do solicitado coas do recibido.

CA3.6 - Verificouse o cumprimento polo provedor da normativa referente á embalaxe, o transporte, a cantidade, a calidade, a caducidade, a temperatura, a manipulación, etc.

CA3.7 - Verificáronse o cumprimento da petición de compra e os requisitos establecidos para as materias primas solicitadas.

CA3.8 - Recoñecéronse e formalizáronse os documentos relacionados cos procesos de recepción.

UD 3 RECEPCIÓN DE MATERIAS PRIMAS

CA1.8 - Establecéronse cos colaboradores os estándares de especificación de compras de cada artigo que cumpra adquirir.

CA1.9 - Establecéronse os estándares de subministracións coa clientela, en ofertas de catering, de acordo co método previamente establecido.

CA3.1 - Describíronse e caracterizáronse as operacións necesarias para recibir materias primas e outros materiais en cociña.

CA3.2 - Identificáronse os equipamentos e os instrumentos para o control cuantitativo, cualitativo e hixiénico-sanitario.

CA3.4 - Interpretouse a etiquetaxe dos produtos.

CA3.5 - Comprobase a coincidencia da cantidade e a calidade do solicitado coas do recibido.

CA3.7 - Verificáronse o cumprimento da petición de compra e os requisitos establecidos para as materias primas solicitadas.

CA3.8 - Recoñecéronse e formalizáronse os documentos relacionados cos procesos de recepción.

UD 4 XESTIÓN E CONTROL DO ALMACÉN, ECONOMATO E BODEGA

CA4.1 - Descríbense e caracterízanse os lugares para o almacenamento e a conservación das materias primas e outras subministracións.

CA4.2 - Determináronse os métodos de conservación idóneos para as materias primas.

CA4.3 - Determináronse as temperaturas e os envases adecuados para a conservación dos xéneros ata o momento do seu uso.

CA5.1 - Descríbese o concepto de control de existencias en restauración.

CA5.2 - Caracterízanse os procedementos de solicitude de pedidos a almacén, o seu control, a documentación asociada e as relacións interdepartamentais entre os departamentos involucrados.

CA5.3 - Identifícanse os xéneros susceptibles de seren entregados directamente nos departamentos de venda e/ou produción por parte do provedor.

CA5.4 - Realizáronse diversos tipos de inventarios, e describiuse a súa función e a importancia no control de consumos e existencias.

CA5.5 - Efectuáronse rotacións de xéneros no almacén en función de diversas circunstancias.

CA5.6 - Calculouse o consumo de existencias tendo en conta diversos parámetros de valoración.

CA5.7 - Utilizáronse aplicacións informáticas para o control de consumos e existencias no economato.

UD 5 CONTROL DE CONSUMOS E EXISTENCIAS. O INVENTARIO

CA5.2 - Caracterízanse os procedementos de solicitude de pedidos a almacén, o seu control, a documentación asociada e as relacións interdepartamentais entre os departamentos involucrados.

CA5.4 - Realizáronse diversos tipos de inventarios, e describiuse a súa función e a importancia no control de consumos e existencias.

CA5.5 - Efectuáronse rotacións de xéneros no almacén en función de diversas circunstancias.

CA5.6 - Calculouse o consumo de existencias tendo en conta diversos parámetros de valoración.

CA5.7 - Utilizáronse aplicacións informáticas para o control de consumos e existencias no economato.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

- Nas probas combinadas a nota obtida aplicarase a totalidade dos CA avaliados.
- Nas probas combinadas no suposto de non acadar un CA establecido como mínimos, o CA en cuestión quedará pendente de recuperación, e a calificación obtida no mesmo non será tida en conta no cálculo da nota do exercicio.
- Os CAs que non figuran establecidos como mínimos, serán obxecto de calificación xunto co resto dos CAs nos que se acadara unha avaliación positiva, segundo o peso establecido..
- A calificación do módulo será o resultado de ponderar as calificacións obtidas nos CAs avaliados, en función do peso asignado aos mesmos e a UDs.
- Os CAs establecidos como mínimos non superados serán obxecto de recuperación durante o proceso de recuperación establecido no mes de xuño.
- Os CAs establecidos como mínimos deben ser acadados na súa totalidade, obtendo unha avaliación positiva en todos e cada un deles.
- As notas trimestrais serán o resultado de ponderar o peso establecido para os CAs e UDs, sobre 10.
- Os CAs avaliados mediante táboas de indicadores, requirirán de superar o 80% dos mínimos establecidos, para contabilizar as cuestións/ítems de puntuación.

Para acadar a avaliación positiva deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos como resultado da suma das porcentaxes das unidades

didácticas.

A nota de cada unidade didáctica será o resultado da suma das porcentaxes dos CAs establecidos. A nota da 1ª e 2ª avaliación será a media das notas dos CAs avaliados, ponderada sobre 10, e tendo en conta o peso asignado a cada UD. A nota da 3ª avaliación será a nota proporcional asignada a cada UD avaliada.

No caso de non superar unha proba con criterios mínimos, a nota desa avaliación será de 4 ou se a media fora inferior, sería a nota media.

PROCEDEMENTOS XERAIS

Con carácter xeral realizaranse un mínimo de dúas probas escritas trimestrais.

Nas probas escritas ao lado do enunciado da pregunta farase constar ao valor numérico da mesma.

As probas escritas deberán ser corrixiadas no prazo máximo de 2 semanas.

As probas cualificaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10 (ou os seus múltiplos)

Antes de cada unha das prácticas e probas indicárase ao alumnado se contén mínimos exixibles ou non.

O redondeo da nota quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente superior. (exemplo: si a nota é 5,6, a nota redondeada será 6)

Nas probas tipo test de resposta única, atendendo ao principio de variable aleatoria, poderase aplicar a regra de compensación de xeito que si hai 3 posibles respostas por pregunta, cada erro debe restar 0,5; si ten 4 posibles respostas, cada erro debe restar 0,33.

- Traballos gráficos, documentais, de investigación e/ou oral

Traballos documentais ou TICs: non poderá encomendarse máis de un traballo por trimestre. Na avaliación final ponderarase a nota obtida neste apartado nos tres trimestres. Os traballos entregados fora de prazo non serán avaliados, ata a avaliación parcial ou final de módulos

Porcentaxe da cualificación das UD's:

U.D. 1 30%

U.D. 2 15%

U.D. 3 15%

U.D. 4 20%

U.D. 5 20%

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A avaliación será continua co cal xa se establece implícitamente que o alumno terá ó longo do curso a posibilidade de recuperar calquera criterio non acadado, non obstante, de ser necesario establecerase un plan de recuperación personalizado, sensibilizándose cos puntos débiles, para reforzalos, a variedade de actividades irá en función das necesidades de formación e repaso dos alumnos/as que non acadaron os mínimos exixibles para unha avaliación positiva ó longo do curso.

O alumnado con perda do dereito á avaliación continua debera realizar unha proba de avaliación que terá como referente a totalidade dos criterios de avaliación do módulo, esta proba terá carácter teórico e/ou práctico e poderá estar dividida en dúas ou tres partes que se desenvolverán nas correspondentes xornadas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá: por un lado en actividades prácticas similares ás realizadas ao longo do curso na aula/economato/almacén, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor) e polo outro nunha proba escrita (PE) de todo o módulo. Para a superación do módulo o alumno debe alcanzar o 5 entre as dúas partes.

O alumnado deberá asinar un documento específico, cos contidos/criterios a recuperar e a aceptación deste proceso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terásese en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de Xullo de 2011: "O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesor valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno/a na xustificación desas faltas, e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 "O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións".

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno/a cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indícarase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento da programación de cada módulo, indicando grao de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e entregarase unha memoria final de curso.

Principalmente no seguimento teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial. Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán: o grao de cumprimento da temporalización, e por outro lado o logro dos obxetivos programados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: ¿Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente¿.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

Será necesario incluír cuestionario a criterio do profesor/a titular do módulo, ANEXO¿nº¿. a esta programación

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente pode-rá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, pode-rá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller, para este módulo podemos destacar:

- ¿ Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- ¿ Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- ¿ Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
- ¿ Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entre-ga de traballos, datas de probas, etc.
- ¿ Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
- ¿ Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.
- ¿ Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades complementarias encadranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

- Presentación de produtos.
- Presentación de equipos.
- Participación en concursos.
- Conferencias e charlas especializadas.
